

Igrexa de Viascón (parroquial de Santiago)

Patrimonio Cultural do
Concello de Cotobade

Descrición

A planta é de cruz latina con dous pequenos volumes que se lle engaden por riba do brazo curto. Posúe torre-campanario na fachada principal con balaustrada de pedra rematando en cúpula e unha pequena lanterna no cruceiro das naves. No acceso principal hai unha inscrición con data 1895.

Tanto a fachada principal, co reloxo por riba da porta, como o resto da construción presenta unha limpeza formal e unha ausencia de motivos decorativos propia de fins do século XIX. A porta de acceso ten arco de medio punto.

No interior, capela con bóveda de nervios dunha clave que rematan en rolos e descansan sobre ménsula en case toda a igrexa. Arco triunfal apuntado sobre piastras. Nave de dous tramos con bóvedas de nervios dunha clave e arcos feixóns apuntados sobre piastras. Sancristía acaroadada ao lado esquerdo da capela con bóveda de nervios que rematan en rolos e descansan sobre ménsulas.



Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Igrexa

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Viascón

Lugar

Quintán

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 537647 Y: 4703988

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.543451 O

Latitude: 42.485404 N

